



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTISO

Convocatoria pública de axudas ao estudo curso académico 2023/2024

ANUNCIO

Por Resolución de Alcaldía nº 2024-0312 de data 27/09/2024 foi aprobada a convocatoria pública de axudas ao estudo para o curso académico 2023/2024 cuxas bases se transcriben a continuación:

“Expediente nº 433/2024

Asunto: Aprobación convocatoria pública axudas ao estudo curso académico 2023/2024

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Vistas as Bases de Execución do Orzamento Municipal do exercicio 2024, aprobado por acordo do Pleno Municipal de data 24 de xaneiro de 2024, nas que se contemplan as Bases que rexerán a convocatoria pública de axudas ao estudo para o curso académico 2023/2024:

“BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PÚBLICA DE AXUDAS AO ESTUDO PARA O CURSO ACADÉMICO 2023/2024

1ª.- OBXECTO

O obxecto das presentes bases é regular a concesión de axudas ao estudo para o **curso académico 2023/2024**, en réxime de concorrencia competitiva.

O importe estimado de cada axuda será de **245 euros**.

A concesión destas axudas estará suxeita a dipoñibilidade orzamentaria.

2ª.- BENEFICIARIOS

Poderán solicitar estas axudas:

- Os representantes legais dos alumnos de 5º - 6º de Primaria e 1º - 2º da ESO matriculados durante o curso académico 2023/2024 en centros docentes sostidos con fondos públicos que estivesen empadroados durante o período do correspondente curso académico no Concello de Santiso e que obtivesen unha nota media igual ou superior a 7.
- Os representantes legais dos alumnos de 5º - 6º de Primaria matriculados durante o curso académico 2023/2024 no CEIP de Arcediago e que obtivesen unha nota media igual ou superior a 7.

Os beneficiarios non poderán estar incurso en prohibición para recibir subvencións e deberán estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Tales circunstancias serán acreditadas mediante declaración responsable.

3ª.- PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE

1) Os solicitantes cumprimentarán o modelo de solicitude, que poderán atopar nas oficinas xerais do Concello, e presentarano acompañado dos seguintes documentos:

- Copia do DNI do/a solicitante e do/a alumno/a.
- Copia do libro de familia.
- Certificado do centro docente onde estea escolarizado/a o/a alumno/a no que se especifique a nota media obtida por este/a no curso académico 2023/2024.
- Número de conta corrente bancaria onde se efectuará o ingreso.
- Declaración responsable de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non estar incurso/a en prohibición para ser beneficiario/a de subvencións.

A condición esixida na base 2ª relativa ao empadroamento será comprobada de oficio por esta Administración.

2) Naquelas solicitudes nas que se observe a falta de documentación para a súa valoración, será solicitada por escrito ao interesado para que no prazo de 10 días hábiles, a contar desde a recepción da comunicación, presente a documentación solicitada. Se transcorrido ese prazo non se presentara, procederase ao arquivo do expediente.

3) O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

4ª.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN

O órgano competente para a instrución e resolución do procedemento é o Alcalde.

Os criterios a ter en conta e que deberán concorrer en todos os solicitantes para o curso académico obxecto da convocatoria, serán os indicados na base 2ª:

O prazo máximo para resolver será de tres meses contados desde o día seguinte ao da conclusión do prazo establecido na convocatoria. O silencio da Administración terá carácter desestimatorio.

5ª.- XUSTIFICACIÓN

A axuda quedará xustificada mediante a acreditación do cumprimento dos requisitos para ser beneficiario, isto é mediante a presentación dos documentos a que se refire a base 3ª no punto 1º.

6ª.- RESPONSABILIDADES

Calquera falsidade que se detecte dará lugar ao non recoñecemento da axuda ou, no caso de habela percibido xa, á devolución da mesma cos intereses legais correspondentes, independentemente das responsabilidades administrativas, civís ou penais que se puidesen esixir.

DISPOSICIÓN FINAL

Para o non regulado nestas bases estarase ao disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.”

En uso das atribucións que me confire a lexislación vixente,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Aprobar a convocatoria pública das axudas ao estudo para o curso académico 2023/2024.

SEGUNDO.- Darlle publicidade mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios deste Concello e na páxina web do Concello de Santiso.

TERCEIRO.- Dar conta da presente Resolución na próxima sesión plenaria ordinaria que se celebre.”

O cal se fai público para xeral coñecemento.

En Santiso, a 27 de setembro de 2024.

O Alcalde-Presidente

Manuel Adán López

2024/6806